



MEMORIA DE ACTIVIDADES 2017

Instituto da Lingua Galega

Edita
Instituto da Lingua Galega
Universidade de Santiago de Compostela
Praza da Universidade, 4
15782 Santiago de Compostela
A Coruña

Correo electrónico: ilgsec@usc.es
Páxina web: <http://ilg.usc.gal/>
Teléfonos
+34 8818 12815
+34 8818 12802
Fax
+34 81572770

Maquetación
Raquel Vila-Amado

Universidade de Santiago de Compostela, xuño de 2018

Índice

LIMIAR	5
RELACIÓN DE LIÑAS E PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN	7
A. PROXECTOS PROMOVIDOS NO SEO DO ILG	7
1. ARQUIVO DO GALEGO ORAL (AGO)	7
2. ATLAS LINGÜÍSTICO GALEGO (ALGa)	9
3. BIBLIOTECA DIXITAL DA GALICIA MEDIEVAL (BGM)	11
4. CAMBIO LINGÜÍSTICO E CONTACTO DE LINGUA NA XUVENTUDEN.....	12
5. COLECCIÓN DIPLOMÁTICA DE DOCUMENTOS GALEGOS MEDIEVAIS.....	12
6. CONSTRUCIÓN VERBAIS E SINTAXE DA ORACIÓN (ConVerSO)	13
7. CONTACTO E CAMBIO LINGÜÍSTICO EN GALEGO.....	13
8. CORPUS DE TEXTOS ANTIGO DA GALIZA (COTAGAL)	13
9. CORPUS INFORMATIZADO GALEGO-PORTUGUÉS ANTIGO (CGPA)	15
10. CORPUS ORAL INFORMATIZADO DA LINGUA GALEGA (CORILGA)	15
11. CORPUS PARA A ANÁLISE DE DIFICULTADES NA PRODUCIÓN ESCRITA EN LINGUA GALEGA.....	16
12. DICONARIO DE PRONUNCIA DA LINGUA GALEGA	16
13. DICONARIO DOS APELIDOS GALEGOS	17
14. EDICIÓN E ELABORACIÓN DOS MATERIAIS GALEGOS DO ALPI (ATLAS LINGÜÍSTICO DE LA PENÍNSULA IBÉRICA)	18
15. GONDOMAR. CORPUS DIXITAL DE TEXTOS GALEGOS DA IDADE MODERNA. CATALOGACIÓN, MULTIEDICIÓN, GLOSARIO E ESTUDO	18
16. GRAMÁTICA DA LINGUA GALEGA	19
17. GRAMÁTICA HISTÓRICA DA LINGUA GALEGA (GHLG)	20
18. INVENTARIO TOPONÍMICO DA GALICIA MEDIEVAL (ITGM)	20
19. LÉXICO PATRIMONIAL (GALICIA - PORTUGAL - BRASIL)	21
20. PLATAFORMA DE DOCUMENTACIÓN E ANÁLISE DE DATOS DIALECTAIS PERCEPTIVOS.....	22
21. TESOURO DO LÉXICO PATRIMONIAL GALEGO E PORTUGUÉS	22
22. TESOURO INFORMATIZADO DA LINGUA GALEGA 4.0 (TILG)	23
23. O PATRIMONIO LÉXICO DA GALLAECIA (PILOTO 4, NO MARCO DE GEOARPAD. PATRIMONIO CULTURAL DA EURORREXIÓN GALICIA – NORTE DE PORTUGAL: VALORACIÓN E INNOVACIÓN	24
B. PROXECTOS PROMOVIDOS POR OUTRAS INSTITUCIÓNS	25
1. CORPUS DE REFERENCIA DO GALEGO ACTUAL (CORGA)	25
2. LIBROS, MEMORIA Y ARCHIVOS: CULTURA ESCRITA EN MONASTERIOS CISTERCIENSES DEL NOROESTE PENINSULAR (SS. XII Y XIII). LEMACIST	25
CONSULTAS DA PÁGINA WEB DO CENTRO	27

ORGANIZACIÓN DE CURSOS, CONFERENCIAS E ENCONTROS LINGÜÍSTICOS	29
A. SIMPOSIO ILG 2017: CALEN CARTAS, FALEN BARBAS. A ESCRITA EN GALEGO NA IDADE MODERNA	29
B. CURSO BÁSICO DE TRANSICIÓN CON ELAN	31
C. XXX CURSO DE LINGUA E CULTURA GALEGA “GALEGO SEN FRONTEIRAS”	32
A ACTIVIDADE DOS INVESTIGADORES	33
A. COMUNICACIÓN EN CONGRESOS E ENCONTROS CIENTÍFICOS	33
B. CURSOS E SEMINARIOS	39
C. COMITÉS CIENTÍFICOS E DE REDACCIÓN DE REVISTAS E COLECCIÓNNS	39
D. PUBLICACIÓNNS	41
PUBLICACIÓNNS DO ILG	41
PUBLICACIÓNNS DO PERSOAL DO ILG	44
ACTAS EN CONGRESOS.....	44
CAPÍTULOS DE LIBRO.....	44
LIBROS.....	49
ARTIGOS EN REVISTAS.....	51
RECENSIÓNNS.....	53
ARTIGOS EN PRENSA.....	54
E. REALIZACIÓN E DIRECCIÓN DE TESES	54
F. TESES DEFENDIDAS.....	56
G. ESTADÍAS EN CENTROS DE INVESTIGACIÓN	56
H. COMUNICACIÓNNS PRESENTADAS NO ILG	56
I. VISITAS DE INVESTIGADORES	57
L. PARTICIPACIÓN NA ORGANIZACIÓN DE ENCONTROS CIENTÍFICOS	58
M. CHARLAS DO PROGRAMA A PONTE.....	60
N. CONTRATOS PREDOUTORAIS	60
Ñ. CONTRATOS POSDOUTORAIS	61
CONVENIOS, CONTRATOS E CONTRIBUCIÓN INSTITUCIONAL	63
A. CONVENIOS E CONTRATOS	63
B. CONTRIBUCIÓN INSTITUCIONAL: ORGANIZACIÓNNS SOCIAIS, ACADÉMICAS ETC.	63
RESUMO ECONÓMICO 2017	67
RELACIÓN DE RECURSOS DO ILG	69
PERSOAL	71

Limiār

Cumprindo co establecido na normativa que regula o funcionamento e a acción do Instituto da Lingua Galega, en particular o seu regulamento de réxime interno e mais os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, presentamos perante o Consello de Goberno da Universidade para a súa aprobación a memoria que recolle as actividades desenvolvidas polo Instituto ao longo do ano 2017. O texto foi aprobado polo Consello Científico do Instituto na súa reunión do pasado día 15 de maio de 2018, e presentado á súa Xunta de Goberno, que acordou ratificalo por unanimidade na reunión celebrada o día 25 de xuño de 2018. Alén de dar cumprimento a unha obriga normativa, a presentación desta memoria obedece tamén á necesidade de transparencia e ao desexo de dar conta do traballo realizado, tendo en conta que este centro se financia de maneira fundamental con fondos públicos.

Durante o ano 2017 o ILG continuou a desenvolver unha intensa actividade, que en parte non se ve reflectida ainda en publicacións, debido á inevitable demora entre realización e publicación de traballos científicos. Por unha parte tiveron continuidade os traballos de proxectos de longo alcance, como o *Atlas Lingüístico Galego*, que é unha das obras de referencia da lingüística galega, coa elaboración do volume VII, ou o *Tesouro Informatizado da Lingua Galega* (TILG), do que se preparou unha nova versión cun interface moi mellorado que abre novas posibilidades de explotación pública deste recurso (<http://ilg.usc.es/TILG/>). Por outro lado, rematouse o proxecto *Gondomar: Corpus Dixital de Textos da Idade Moderna* coa posta a disposición pública da súa primeira versión (<http://ilg.usc.es/gondomar/>). Tamén continuaron os traballos da rede *Tecnoloxías e Análise de Datos Lingüísticos* (TecAndALi), coordinada polo grupo do ILG e formada polos grupos Filoloxía e Lingüística Galega (FILG-USC), Modelos de Optimización, Decisión, Estatística e Aplicacións (MODESTYA-USC), Grupo de Sistemas Intelixentes (GSI-USC), Gráficos por Computador e Enxeñaría de Datos (COGRADE-USC), Grupo de Tecnoloxías Multimedia (GTM-UVigo), Gramática, Discurso e Sociedade (GRADES-UVigo) e mais Tecnoloxías e Aplicacións da Lingua Galega (TALGUVigo).

Mais por outra parte, e non menos importante, abríronse liñas de traballo que resultan innovadoras e que constitúen unha aposta por unha renovación metodolóxica na investigación do ILG. Estas liñas van na dirección de investigar sobre a lingua actual, e particularmente a dos segmentos sociais más dinámicos e innovadores: a xuventude, e particularmente a xuventude urbana. Nese sentido, iniciouse o traballo sobre *Cambio lingüístico e contacto na lingua da xuventude*, que está en estreita relación co proxecto *Contacto e cambio lingüístico no galego*, financiado polo Ministerio de Economía e Competitividade e Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), así como o proxecto *Corpus para a análise das dificultades da producción escrita en lingua galega*, tamén relacionado co anterior, en canto que trata da competencia escrita de estudiantes de ensino medio, e do que potencialmente se derivarán importantes resultados para o ensino do galego como L1 e como L2. A integración destes proxectos nunha liña común de traballo abre importantes posibilidades de desenvolvemento para o futuro e o seu interese para aplicacións educativas e sociais é indiscutible.

Tocante á difusión dos resultados, ademais de publicacións en revistas e libros de ámbito galego, español e internacional, os membros do ILG siguieron mantendo, como vén acontecendo nos últimos anos, unha importante presenza en congresos internacionais de relevancia. Ademais, cabe destacar a publicación de varios volumes, con traballos derivados de congresos e simposios celebrados nos anos anteriores. Así, o volume *Gallæcia. Estudos de lingüística portuguesa e galega*, editado por Marta Negro, Rosario Álvarez e Eduardo Moscoso Mato e publicado polo Servizo de Publicacións da USC, recolle unha selección de traballos do *Gallæcia. III Congresso Internacional de Linguistica Historica; Estudos sobre o cambio lingüístico no galego actual*, editado por Xosé Luís Regueira e Elisa Fernández Rei e publicado polo

Consello da Cultura Galega, recolle estudos derivados do Simposio do mesmo título celebrado en 2015; e tamén *Estudar toponimia. Aproximacións metodolóxicas e interpretativas*, editado por Ana Isabel Boullón Agrelo como anexo da revista *Verba*, que ten a súa raíz no curso de verán da USC *Toponimia: interpretación e actuación*. Publicouse tamén o número 9 da revista *Estudos de Lingüística Galega*, que constitúe un importante vehículo de difusión non só da lingüística feita en Galicia, senón de estudos sobre o galego e sobre outras linguas próximas realizados en diferentes universidades de Europa e América, e como tal constitúe un importante medio de visibilización do ILG como centro de investigación, por unha parte, e como lugar de encontro dos traballos de lingüística galega, pola outra. Tamén no referente á visibilización social do ILG, cómpre destacar o elevado número de visitas a varios dos recursos lingüísticos postos a disposición pública na web do ILG, como o *Dicionario de pronuncia da lingua galega* ou a *Cartografía dos apelidos de Galicia*, que contan 130.000 visitas cada un.

Ademais de colaborar na organización doutros congresos e reunións científicas, celebrouse o Simposio *Calen barbas, falen cartas. A escrita en galego na Idade Moderna*, en estreita relación co proxecto *Gondomar* ao que se aludiu máis arriba. O simposio contou con especialistas de diversas ramas do saber e foi organizado por Rosario Álvarez, Sandra Beis Silva, Ernesto González Seoane e Raquel Vila-Amado, e. E coma todos os anos, o Instituto tamén organizou, xunto coa Real Academia Galega, coa colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Deputación da Coruña, a 30ª edición dos *Cursos de verán de lingua e cultura galegas*, dirixidos por Henrique Monteagudo e Xosé Luís Regueira. Estas actividades anuais non por reiteradas e habituais son menos importantes, e teñen un papel moi relevante na imaxe pública e internacional do ILG e tamén da USC. Isto pode comprenderse facilmente se temos en conta que os *Cursos de verán* atraen arredor de 70 estudiantes universitarios de máis de 20 nacionalidades de catro continentes, que durante un mes estudan e traballan no ILG, e por tanto, na USC, e entran en contacto con aspectos e figuras fundamentais da vida cultural de Galicia.

Todos estos resultados e proxectos débense ao esforzo e ao talento das investigadoras e investigadores deste centro e tamén á colaboración de equipos de investigación doutras áreas, nunha cultura de traballo en equipo e de interdisciplinariedade que vén sendo habitual nos últimos anos e que estamos comprometidos a seguir fomentando e fortalecendo. Tamén queremos recoñecer a importancia que para a consecución destes logros ten o apoio constante de toda a Universidade de Santiago de Compostela, así como de institucións como a Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, a Real Academia Galega, o Consello da Cultura Galega e a Fundación Barrié de la Maza. Desde o ILG queremos agradecer o seu apoio continuado e a súa valiosa colaboración, na confianza de que coa súa axuda poderemos afrontar con suceso os retos e lograr os obxectivos que temos por diante.

Xosé Luís Regueira Fernández
Director

Relación de liñas e proxectos de investigación

A. PROXECTOS PROMOVIDOS NO SEO DO ILG

1. ARQUIVO DO GALEGO ORAL (AGO)

IP: Francisco Fernández Rei

EQUIPO INVESTIGADOR: Concepción Álvarez Pousa, Carme Ares Vázquez, Xosé Henrique Costas González (UVigo), Ana García García, Carme García Rodríguez, Carme Hermida Gulías, Xavier Varela Barreiro

INFORMÁTICA: Noemí Varela Rodríguez

FINANCIAMENTO: Convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia

PÁGINA WEB: <http://ilg.usc.gal/ago/>

7

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2017

- Realizáronse **novas transcricións** de gravacións con diversos temas e de distintas procedencias, entre elas hai unha mostra de concellos fronteirizos con Portugal. Hai 15 textos xa dispoñibles e outros 15 pendentes da revisión final, que se fará nas vindeiras semanas. Na páxina poderase acceder tanto ao audio editado coma a dous tipos de transcripción, unha semifonolóxica e outra normativizada. As características de ambas as dúas e os criterios empregados na súa conformación están especificados no propio sitio web.
- Dous membros do equipo (Francisco Fernández Rei e Ana García García) participaron en cadansúa edición do *Curso de aprendizaxe para o manexo do programa ELAN de transcripción de textos orais*, que se impartiu no Instituto da Lingua Galega da USC entre febreiro e abril de 2017. Isto permitiu aplicar a unha mostra de textos do AGO o **aliñamento** da transcripción co audio.
- Continuouse co traballo de **mantemento da páxina web** para permitir a consulta en liña das versións multimedia dos textos do arquivo que xa están dispoñibles.
- Avanzouse no traballo de **catalogación e arquivo de novas gravacións** de galego común. Algunhas son doazóns e outras son gravacións feitas na actualidade polos membros do equipo. Ademais, incrementouse o fondo do subarquivo do galego culto, con gravacións de conferencias, presentacións etc.
- Algunhas desas novas gravacións que se obtiveron son de **xente nova**.

- Procurouse seleccionar material susceptible de ser utilizado como **ferramenta didáctica** no ensino, especialmente polo contido temático.
- Continuouse cos traballos de **mantemento e organización do arquivo**.
- En relación co **aproveitamento do proxecto** cómpre ter en conta que a principal vía de difusión é a que se establece a través da páxina web (<http://ilg.usc.gal/ago>), mais tamén foron atendidas visitas ao fondo do AGO, no edificio do ILG, onde se explicou a orixe, a actualidade e a utilidade do arquivo.

CONTRIBUCIÓNS DERIVADAS

En relación coas presentacións en reunións científicas e publicacións derivadas do proxecto no 2017 cómpre sinalar o seguinte:

- Álvarez Pousa, Concepción (2017): "A variación lingüística galega en textos orais do Concello de Viana do Bolo", en Marta Negro Romero / Rosario Álvarez / Eduardo M. Moscoso Mato (eds.): *Gallaecia: estudos de lingüística portuguesa e galega*. Santiago de Compostela: Universidade, 2017, ISBN 978-84-16954-41-4, pp. 803-823 DOI <http://dx.doi.org/10.15304/cc.2017.1080.46>.
- Álvarez Pousa, Concepción (2017): "A variedade galega da Terra de Viana do Bolo (Ourense) e as súas afinidades co portugués". Volume do *Colóquio comemorativo dos 40 anos do CLUP*, Porto 24-25 de novembro de 2016 (Aceptada a súa publicación en outubro do 2017).
- Álvarez Pousa, Concepción (2017): "As Médulas de Caldesiños, unha mostra oral da lingua da Terra de Viana do Bolo (Ourense)", en *Segmentos de uma vida. Textos dedicados a João Veloso por occasião do seu 50º aniversario*. [Organizado por Pedro Tiago Martins e Carlos Silva]. Phon'up. Fonética e fonología da Universidade do Porto (no prelo).
- Álvarez Pousa, Concepción (2017): "As variedades vianesa e frieiresa-portelá do galego oriental e as súas afinidades co portugués", *Limite* nº 11.2 (2017), pp. 79-108, ISSN 1888-4067.
- Álvarez Pousa, Concepción (2017): "Como é a variedade lingüística da Terra de Viana do Bolo?", resumo do relatorio ofrecido no *IV Encontro da Mocidade Investigadora. 9-10 de xuño de 2016* USC publicado en *IV Encontro da Mocidade Investigadora. 9-10 de xuño de 2016. Libro de resumos* nº 228. Universidade de Santiago de Compostela. ISBN 978-84-15876-88-5, pp. 255-256 DOI <http://dx.doi.org/10.15304/9788415876885>.
- Costas González, Xosé Henrique (2017): "Achegas á procedencia do léxico das falas do val do río Ellas (Cáceres)", en M.J. Fernández & J.M.Carrasco González (eds.): *Cartografías del Portugués. Lengua, Literatura, Cultura y Didáctica en los Espacios Lusófonos*. Cáceres: SEEPLU, 2017, pp. 167-180.
- Costas González, Xosé Henrique (2017): "O sufijo *-icho/a*, caracterizador da microtoponimia do galego de Zamora", *Verba* 44 (2017) pp. 527-536.
- Costas González, Xosé Henrique (2017): "Os actuais subsistemas de sibilantes nas falas do val do río Ellas ou de Xálima e as dificultades para a súa normativización convxunta", *Limite* nº 11.2, (2017), pp. 109-122, ISSN 1888-4067.
- Costas González, Xosé Henrique (2017): "Os textos orais do val do río Ellas e a súa importancia para a dialectoloxía galega", en Marta Negro Romero; Rosario Álvarez Blanco e Eduardo Moscoso Mato (eds.): *Gallaecia: estudos de lingüística portuguesa e galega*. Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, 2017, ISBN: 978-84-16954-41-4. DOI <http://dx.doi.org/10.15304/cc.2017.1080.62>, pp. 1057-1067.

- Costas González, Xosé Henrique (2017): Relatorio “O estado da investigación sobre as falas do val do Ellas”, en *A Fala. I Jornás de Estudiu i Difusión*, Valverdi do Fresnu, San Martín de Trevellu, As Ellas, 24-26 de novembro de 2017. Organiza Parque Cultural Sierra de Gata + os 3 concellos.
- Fernández Rei, Francisco (2017): “O Arquivo do Galego Oral do Instituto da Lingua Galega”. Volume do *Colóquio comemorativo dos 40 anos do Centro de Lingüística da Universidade do Porto*, Porto 24-25 de novembro de 2016 (Aceptada a súa publicación en outubro do 2017).
- Fernández Rei, Francisco (2017): “O Arquivo do Galego Oral: xénese e situación actual”, en Marta Negro Romero / Rosario Álvarez / Eduardo M. Moscoso Mato (eds.): *Gallaecia: estudos de lingüística portuguesa e galega*. Gallaecia: estudos de lingüística portuguesa e galega. Santiago de Compostela: Universidade, 2017, ISBN 978-84-16954-41-4, pp. 545-564 DOI <http://dx.doi.org/10.5304/cc.2017.1080.28>.

2. ATLAS LINGÜÍSTICO GALEGO (ALGA)

IP: Rosario Álvarez, Francisco Fernández Rei, Manuel González González

EQUIPO INVESTIGADOR: Xulio Sousa Fernández, Francisco Dubert García, Carme Hermida Guíñas, Antón Santamarina, Lucía Doval Iglesias, Ana García García, Irene Santos Raña, Raquel Vila-Amado

INFORMÁTICA: Noemí Varela Rodríguez

FINANCIAMENTO: Convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia / Axuda ao grupo de investigación FILGA (Xunta de Galicia - FEDER)

PÁGINA WEB: <http://ilg.usc.gal/indices/>

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2017

- Co novo programa InDesign introducíronse na Base de Datos do ALGa notas de mapas xa existentes do volume IX *Fauna*, á vez que se meteron nesa Base cuestiós para elaborar novos mapas e se revisaron cuestiós xa existentes.
- Elaboráronse nunha primeira fase 32 mapas con lendas e notas para completar campos semánticos xa cartografados (insectos, réptiles e aves). Outros mapas son de animais ainda non cartografados (mamíferos herbívoros, carnívoros e ruminantes) e de peixes de río. A relación é a seguinte, con indicación provisoria do nº de mapa do volume IX *Fauna*:

Nº mapa	Nome do mapa (provisorio)	Nº de pregunta
2	Abellón	1363
3	Abella obreira	1364
13	Grilo	1356
14	Vacaloura	1357
15	Chicharra	1358
16	Tabán	1360
17	Mosca do cabalo	1361
18	Cabalo do demo	1362
21	Cascuda	1369
46	Samesuga	1391
50	Sapo	1441

Nº mapa	Nome do mapa (provisorio)	Nº de pregunta
51	Cágado	1440
102	Peneireiro	1436
150	Cazapo	1480
151	Tobo	1481
152	Coelleira	1482
153	Lebre	1483
154	Lebracho	1484
155	Cama da lebre	1485
156	Raposa (femenino)	1450.1
158	Lobo	94
159	Ouwear	1451
160	Oso	1491
161	Cervo	1492
162	Corzo	1493
163	Cabra montés	1494
164	Peixe	1452
165	Galadas	1453
166	Cebo	1458
169	Anguía	1471
170	Boga	1472
171	Troita	1473

O volume *VII Léxico. O ser humano (II)* está preparado para a publicación. Continuouse coa elaboración de novos mapas (cartografía, lendas e notas) dos tres volumes que están en proceso.

Actualización dos índices do ALGa no sitio web do ILG (incorporación do volume VI: <http://ilg.usc.es/indices/?v=6>).

Continuouse coa corrección e mantemento da base de datos e mais coa actualización da páxina web do proxecto.

Mantemento da colaboración con outros proxectos de xeografía lingüística no ámbito europeo (ALE, ALiR) e, nomeadamente, no ámbito lusófono. Neste sentido, cabe salientar, por unha banda, a celebración, en xuño de 2017, do 50 Congreso do Atlas Linguarum Europae e o 22 Congreso do Atlas Linguistique Roman, nos que o ILG actuou como entidade coorganizadora.

CONTRIBUCIÓNS DERIVADAS

- Álvarez, Rosario (2017): "Galego e portugués. Afinidade e diverxencia", en Ana Rita Carrilho *et alii*, *Ao encontro das línguas ibéricas*. Covilhã: Universidade da Beira Interior.
- Álvarez, Rosario / Xulio Sousa Fernández (2017): "A investigación sobre a variación lingüística do galego: desde o ALGa ata a actualidade", *Labor Historico*, v. 2, n.2 (2016). ISSN: 2359-6910.
- Dubert García, Francisco (2017): "Cambio e estrutura morfolóxica. Segmentacións atípicas en verbos galegos e portugueses", en Xosé Luís Regueira & Elisa Fernández Rei (eds.) *Estudos sobre o cambio lingüístico no galego actual*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 297-325. ISBN 978-84-92923-82-3.

- Dubert García, Francisco (2017): "Sobre a *Gallaecia Magna* e as relacións históricas e xeolingüísticas entre galego, portugués e asturiano", *Estudis romànics* 39, 43-69, DOI: 10.2436/20.2500.01.215.
- Fernández Rei, Francisco (2017): "Notas de morfoloxía verbal", en Alexandre Rodriguez Guerra (ed.): Lingüística histórica e dialectoloxía: coordenadas de cambio lingüístico. Vigo: Universidade, 179-194.
- González González, Manuel (2017): "Dialectology and Geolinguistics in Galicia", *Atlas Linguarum Europae (ALE) Symposium. The 50th Annual Meeting and XXIIème Colloque International de l'Atlas Linguistique Roman (ALiR)*. Universidade de Santiago De Compostela, 20 junio 2017.
- Regueira, Xosé Luís (2017): "Variación lingüística, dialectoloxía e lingüística histórica: algúns problemas do cambio lingüístico en galego e en portugués", en Alexandre Rodríguez Guerra (ed.): *Lingüística histórica e dialectoloxía: coordenadas do cambio lingüístico*. Vigo: Universidade, 21-38.
- Sousa, X. (2017): "Aggregate analysis of lexical variation in Galician", en I. Buchstaller and B. Siebenhaar (eds.), *Language Variation. European perspectives VI*, Amsterdam: John Benjamins, 71-83.
- Sousa, X. (2017): "From field notebooks to automatic mapping: the *Atlas Lingüístico Galego* database", *Dialectologia et Geolinguistica* 25, 1-22.
- Sousa, X. (2017): "Measuring language contact in space", en *International Conference on Language Variation in Europe*, 9 (ICLaVE 9). Universidad de Málaga, 06/06/2017 a 10/06/2017.
- Sousa, X. & D. Rodríguez (2017): "Do espazo ó tempo: o cambio lingüístico en galego a partir da xeolingüística", en Regueira Fernández, Xosé Luís & Fernández Rei, Elisa (eds.). *Estudos sobre o cambio lingüístico no galego actual*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. 241-269.

3. BIBLIOTECA DIXITAL DA GALICIA MEDIEVAL (BGM)

IP: Xavier Varela Barreiro

EQUIPO INVESTIGADOR: Lucía Doval Iglesias, Ricardo Pichel Gotérrez, Xavier Gómez Guinovart (UVigo), Ana Suárez González (USC-Historia)

INFORMÁTICA: Xavier Gómez Guinovart (UVigo)

FINANCIAMENTO: Convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística (Xunta de Galicia)

PÁGINA WEB: <<http://ilg.usc.es/BGM/>> <<http://bgm.cocodin.com/>>

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2017

No transcurso do ano 2017 non se realizaron avances na liña de desenvolvemento do proxecto.

O traballo do equipo visibilizouse na publicación "La Biblioteca dixital Galego-Portuguesa Antiga (BGPA). Un nuevo formato potenciado para corpus preexistentes gallegos y portugueses", en *El historiador frente a las palabras. Recursos textuales y léxicos para el estudio de la sociedad medieval*. Lugo: Axac, pp. 129-153 (Xavier Varela Barreiro & Ricardo Pichel Gotérrez, 2017).

4. CAMBIO LINGÜÍSTICO E CONTACTO DE LINGUA NA XUVENTUDE

IP: Xosé Luís Regueira Fernández

EQUIPO INVESTIGADOR: Elisa Fernández Rei, Xosé Manuel Dopazo Entenza

Informática: Noemí Varela Rodríguez

FINANCIAMENTO: Parcialmente financiado polo Convenio coa Xunta de Galicia.

PROXECTOS EN COOPERACIÓN: Grupo GTM da Universidade de Vigo

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2017

Os traballos levados a cabo, dentro das limitacións de tempo dispoñible (non se contou con persoal contratado durante este ano), inclúen a realización de varias gravacións, que serán incorporadas ao CORILGA. Na última parte do ano Elisa Fernández Rei e Xosé Luís Regueira iniciaron un traballo de investigación sobre algúns cambios observados no español de Galicia dalgunhas persoas persoas novas, e que están relacionados tamén con cambios observados no galego. Este traballo dará lugar a unha publicación nun libro internacional.

Por outra parte, levouse a cabo a confección dun cuestionario para a obtención dun corpus de fala bilingüe (galego e español), que servirá para mellorar as ferramentas de recoñecemento e síntese de voz, así como para estudar o contacto de linguas. Este cuestionario desenvolveuse en colaboración co equipo GTM da Universidade de Vigo e será gravado no ano 2018.

5. COLECCIÓN DIPLOMÁTICA DE DOCUMENTOS GALEGOS MEDIEVAIS

IP: Ana Isabel Boullón Agrelo

EQUIPO INVESTIGADOR: Ramón Lorenzo, Maka Pérez González

FINANCIAMENTO: Convenio coa Xunta de Galicia

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2017

Colección diplomática do mosteiro de Oia:

Cos novos avances tecnolóxicos as fontes que se estaban empregando para a edición dos textos quedaron obsoletas, por iso procedemos a cambialas por unha fonte unicode que permita a súa publicación futura na Web.

Na edición do corpus medieval do mosteiro de Santa María de Oia, Pontevedra, revisamos os documentos das carpetas 1805 a 1811. Agora estase a traballar neste mes na carpeta 1812 do Archivo Histórico Nacional.

Cos novos datos obtidos da dita transcripción seguimos enchendo, mantendo e ampliando a nosa base de datos, creada por nós cos datos dos fondos documentais do mosteiro, que inclúe información imprescindible para a súa organización e manexo, dado o alto volume de documentación manexado (entre outras, data, tipoloxía documental, nome do notario ou escriba, etc.).

Estes traballos axústanse ó ritmo previsto.

6. CONSTRUÇÓNS VERBAIS E SINTAXE DA ORACIÓN (CONVERSO)

IP: Rosario Álvarez Blanco e Xosé Xove Ferreiro

EQUIPO INVESTIGADOR: Rosario Álvarez Blanco e Xosé Xove Ferreiro

FINANCIAMENTO: Sen financiamento específico

PROXECTOS EN COOPERACIÓN: Convenio de colaboración co Seminario de Gramática da Real Academia Galega

PÁGINA WEB: Prevista no futuro a apertura do recurso ao público a través de Internet

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS DERIVADOS EN 2017

Actualmente conta cuns 61.000 rexistros dos 100 verbos más frecuentes. Nesta nova fase o investigador Xosé Xove rematou a revisión a fondo do campo relativo á clasificación das oracións subordinadas da base. O resultado deste traballo de revisión e refinamento da base está sendo utilizado polos membros do equipo redactor da *Gramática da lingua galega* para o estudo da sintaxe do galego, e particularmente o das oracións subordinadas.

7. CONTACTO E CAMBIO LINGÜÍSTICO NO GALEGO

IP: Francisco Dubert García, Xulio Sousa

EQUIPO INVESTIGADOR: Elisa Fernández Rei, Xosé Luís Regueira Fernández, Elisabetta Carpitelli, Pedro Martín Butragueño, Gabriel Rei-Doval, Alberto Gómez Bautista, Lurdes de Castro Moutinho, Noemí Varela Rodríguez

FINANCIAMENTO: Ministerio de Economía e Competitividade (referencia FFI2015-65208-P) e Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER, marco financeiro plurianual 2014-2020)

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2017

Continuouse co traballo de transcripción e revisión de textos para o CORILGA. Comezáronse os labores de etiquetaxe morfosintáctico. Ademais, comezouse o deseño dunha base de datos cos materiais galegos do ALPI para realizar consultas sobre a información léxica e sintáctica.

CONTRIBUCIÓNDS DERIVADAS

- Francisco Dubert García / Xulio Sousa (2017): "A comparison between the Galician dialects and the standard variety". 2017 MLA Annual Convention, Philadelphia (Estados Unidos), 5-8 xaneiro 2017.
- Xulio Sousa (2017): "Documenting and mapping geolinguistic variation: the linguistic database of the Atlas Lingüístico Galego". Gotzon Aurrekoetxea lagunarterik hara, Aitor Iglesias / Ariane Ensuna (eds.), Bilbao: UPV/EHU, 321-336.
- Xulio Sousa (2017): "Measuring language contact in geographical space". International Conference on Language Variation in Europe 9, Málaga, 6-9 xuño 2017.

8. CORPUS DE TEXTOS ANTIGOS DE GALIZA (COTAGAL)

IP: Ricardo Pichel Gotérrez

EQUIPO INVESTIGADOR: Raquel Alonso Parada, Xosé Luís Couceiro Pérez, Pedro Dono López, Rocío Dourado Fernández, Paulo Martínez Lema, Ramón Mariño Paz, Xavier Varela Barreiro

FINANCIAMENTO: Sen financiamento externo específico

PROXECTOS EN COOPERACIÓN: Biblioteca Dixital da Galicia Medieval (dir. Xavier Varela Barreiro), Xelmírez (dir. Xavier Varela Barreiro), Corpus Informatizado Galego-Portugués Antigo (dir. Xavier Varela Barreiro), Red Internacional CHARTA (dir. Pedro Sánchez-Prieto Borja, Univ. Alcalá).
PÁGINA WEB: www.cotagal.org

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2017

- Continuación da transcripción paleográfica, etiquetado e presentación crítica de varios manuscritos: a tradución galega da *General estoria* (RBE ms. O.I.1), o fragmento do *Livro de Tristam* (AHN Códices 1501/7), o testemuño galego tardío da *Estoria de España* (BUSal 2497), os dous exemplares galegos da *Crónica de 1404* (HSA B.2278, BMP 62) e os fragmentos galegos das *Partidas*.
- Preparación da publicación da edición crítica (e transcripción paleográfica en versión dixital) da *Historia troiana* (BMP ms. 558).
- Inicio da revisión (transcripción paleográfica) da colección de documentos galegos medievais publicada por Margot Sponer (*Documentos Antiguos de Galicia*, 1935).
- Elaboración dun protomarcado XML-TEI para edición dixital de textos antigos.
- Arquentamento da base textual de documentación galega redixida en castelán, procesada seguindo os criterios da Red Internacional CHARTA e integrada neste corpus (<http://www.corpuscharta.es/>).

PUBLICACIÓNS E PRESENTACIÓNS RELACIONADAS

- Pichel Gotérrez, Ricardo & Varela Barreiro, Xavier (2017): "O fragmento galego-portugués do *Livro de Tristam*. Nova proposta cronolóxica e diatópica", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 20, pp. 159-214 [<http://dx.doi.org/10.5209/MADR.57636>].
- Pichel Gotérrez, Ricardo & Garrido Martín, Blanca & González González, Jaime & Pedrote Romero, Antonio (2017): "Edición de textos e historia de la lengua diez años después: avances y nuevos problemas (pendiente de evaluación)", en "Tenera experientia". *Miradas jóvenes a la historiografía y la historia de la lengua española*. Madrid: UAM Ediciones, pp. 39-56.
- Varela Barreiro, Xavier & Pichel Gotérrez, Ricardo (2017): "La Biblioteca dixital Galego-Portuguesa Antiga (BGPA). Un nuevo formato potenciado para corpus preexistentes gallegos y portugueses", en *El historiador frente a las palabras. Recursos textuales y léxicos para el estudio de la sociedad medieval*. Lugo: Axac, pp. 129-153.
- Pichel Gotérrez, Ricardo (2017): "Transcribir y editar hoy textos medievales iberorromances. Algunos aspectos paleográficos y de edición digital". 52nd International Congress on Medieval Studies. Western Michigan University (Kalamazoo). 11-14/05/2017.
- Pichel Gotérrez, Ricardo (2017): "En torno al hibridismo lingüístico en la prosa hispánica centro-occidental (ss. XIII-XV)". 70 Annual KFLC: The Languages, Literatures, and Cultures Conference. University of Kentucky (Lexington). 20-22/04/2017
- Pichel Gotérrez, Ricardo (2017): "Edición de textos y humanidades digitales: proyectos en curso". En: History of Spanish Language Seminar. Georgetown University (Washington). 17/04/2017
- Pichel Gotérrez, Ricardo (2017): "La interconexión literaria en la prosa ibérica medieval: el caso de Galicia en los siglos XIV y XV". En: Department of Spanish & Portuguese Seminar. University of Wisconsin (Madison). 04/05/2017

- Pichel Gotérrez, Ricardo (2017): "Literatura medieval galega. Textos, xéneros e mecenados". En: Seminario de Lingua, literatura e cultura galegas. Universidad Complutense de Madrid. 05/12/2017
- Pichel Gotérrez, Ricardo (2017): "Cultura manuscrita na Galiza baixomedieval. Proyectos en andamento". En: Seminario de Estudios Hispano-Medievales. Universidade de Santiago de Compostela. 30/03/2017

9. CORPUS INFORMATIZADO GALEGO-PORTUGUÉS ANTIGO (CGPA)

IP: Xavier Varela Barreiro / María Francisca Xavier

EQUIPO INVESTIGADOR: Xosé Carracedo Fraga, Lucía Doval Iglesias, Ricardo Pichel Gotérrez, José António Souto Cabo

INFORMÁTICA: César Osorio Peláez / Juan Jesús Gómez

FINANCIAMIENTO: Convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística (Xunta de Galicia)

PROYECTOS EN COOPERACIÓN: RILG (<http://sli.uvigo.es/RILG/>)

PÁGINA WEB: <http://ilg.usc.es/CIGPA/>

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2017

No ano 2017 continuouse coa incorporación ao corpus xeral de textos procedentes de corpora en parcería (de Portugal e do Brasil) e deuse inicio ao proceso de confluencia co corpus CODOLGA (CRPIH), co que pretendemos reunir nun único recurso todos os textos, latinos e romances, da Galiza antiga.

10. CORPUS ORAL INFORMATIZADO DA LINGUA GALEGA (CORILGA)

IP: Xosé Luís Regueira Fernández

EQUIPO INVESTIGADOR: Elisa Fernández Rei, Manuel González González, Francisco Cidrás Escáneo, Xulio Sousa Fernández, Francisco Dubert García, Noemí Basanta Llanes, Alba Aguete Cajiao, Xosé Manuel Dopazo Entenza, Tamara Rial Montes

INFORMÁTICA: Noemí Varela Rodríguez

FINANCIAMIENTO: Sen financiamento externo específico.

PROYECTOS EN COOPERACIÓN: Grupo Tecnoloxías Multimedia (UVigo)

AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2017

Neste ano concluíronse as melloras na ferramenta de xestión e a subsanación de erros do buscador e do xestor de arquivos. Integráronse as ferramentas de aliñamento e etiquetaxe automática. Este traballo foi realizado fundamentalmente por Noemí Varela, coa asistencia de Xosé Manuel Dopazo.

No estado actual, as ferramentas de aliñamento e etiquetaxe permiten a creación de arquivos totalmente transcritos e etiquetados a partir dun arquivo transcrto ortograficamente. Os cambios efectuados obrigaron a volver a aliñar e etiquetar todos os arquivos anteriores.

Ao mesmo tempo continuouse coa revisión de transcripcións anteriores e coa transcripción de novos textos. Traballouse especialmente na revisión das transcripcións fonéticas dos corpus de fala realizados por Francisco Dubert e Xosé Luís Regueira.

En relación con este proxecto, o grupo GTM realizou melloras nunha ferramenta de recoñecemento e transcripción automática, que ainda non está integrada neste.

A comezos de 2018 está prevista a realización de melloras no buscador, de maneira que permita obter resultados más depurados e significativos. Unha vez feitas esas melloras, estaremos en disposición de abrir esta ferramenta ao uso público.

11. CORPUS PARA A ANÁLISE DE DIFICULTADES NA PRODUCIÓN ESCRITA EN LINGUA GALEGA

IP: María Álvarez de la Granja

EQUIPO INVESTIGADOR: Francisco Cidrás Escáneo, Ernesto González Seoane, Xulio Sousa Fernández

FINANCIAMENTO: Sen Convenio coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2017

Dado que se trata dun proxecto en fase inicial, estes primeiros meses de traballo dedicáronse a tarefas de deseño. Deste xeito, durante o ano 2017 establecemos os textos cos que iamos traballar (textos da proba de lingua e literatura galega das probas ABAU do curso 2016-2017), deseñamos a mostra e conseguimos os textos, que se encontran xa á nosa disposición. Ao mesmo tempo establecemos:

- A estrutura dos documentos (cabeceira e corpo do texto)
- As características xerais do sistema de clasificación das formas non estándares.
- A aplicación que utilizaremos para clasificar as formas non estándares (TEITOK), lematizador que será empregado para a etiquetación dos textos e os procesos implicados na lematización e marcación gramatical.
- A información que acompañará a cada forma non estándar.
- As posibilidades de busca que permitirá a aplicación de consulta.

Dado que só levamos uns poucos meses de traballo, polo momento non podemos ofrecer publicacións resultantes, pero está xa aceptada unha comunicación no *XIII Congreso Internacional de Lingüística Xeral* (Vigo, 13-15 de xuño de 2018) que leva por título "Corpus de textos de estudiantes galegos (CORTEGAL). Aspectos metodológicos".

PUBLICACIÓNS DERIVADAS

Aceptada unha comunicación no *XIII Congreso Internacional de Lingüística Xeral* (Vigo, 13-15 de xuño de 2018) que leva por título "Corpus de textos de estudiantes galegos (CORTEGAL). Aspectos metodológicos" (María Álvarez de la Granja).

12. DICIONARIO DE PRONUNCIA DA LINGUA GALEGA

IP: Xosé Luís Regueira Fernández

EQUIPO INVESTIGADOR: Noemí Basanta Llanes, Noemí Varela Rodríguez

FINANCIAMENTO: Sen financiamento específico.

PROXECTOS EN COOPERACIÓN: Seminario de Lexicografía da Real Academia Galega.

PÁGINA WEB: ilg.usc.es/pronuncia

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2017

Neste ano non se realizaron accións específicas sobre este recurso, máis alá da corrección de erros puntuais.

13. DICIONARIO DOS APELIDOS GALEGOS

IP: Ana Isabel Boullón Agrelo

EQUIPO INVESTIGADOR: Gonzalo Navaza, Antón Palacio Sánchez, Luz Méndez Fernández

FINANCIAMENTO: Sen financiamento específico

AVANCES SIGNIFICATIVOS E RESULTADOS PUBLICADOS EN 2017

Continuación da redacción de entradas, simultaneamente á recadación de testemuños históricos e á revisión continua dos materiais. Neste momento está redactado o 85% das entradas do diccionario, o que equivale a 5700. Estes traballos axústanse ó ritmo previsto.

CONTRIBUCIÓN DERIVADAS

- Boullón Agrelo, Ana Isabel / Luz Méndez (eds.) (2017): *Estudos de Onomástica Galega II. Os nomes e os apelidos: aspectos legais, sociais e lingüísticos. Xornada de estudo, Pontevedra, 30 de setembro de 2017*. Real Academia Galega. 160 pp. <https://academia.gal/documents/10157/704901/Estudos+de+Onomastica+Galega+II_Os+nomes+e+apelidos.pdf>
- Boullón Agrelo, Ana Isabel (2017): "Influenze antroponimiche dell'Italia in Galizia", en Elena Papa / Daniela Cacia (eds.): *Di nomi e di parole. Studi in onore di Alda Rossebassiano. Quaderni Italiani di RION* 8. Roma: Società Editrice Romana, 65-80.
- Boullón Agrelo, Ana Isabel (2017): "O Dicionario dos apelidos galegos e a restitución das formas galegas", en A. I. Boullón Agrelo / L. Méndez (eds.): *Estudos de Onomástica Galega II. Os nomes e os apelidos: aspectos legais, sociais e lingüísticos. Xornada de estudo, Pontevedra, 30 de setembro de 2017*. Real Academia Galega, pp. 45-68.
- Boullón Agrelo, Ana Isabel (2017): "Nomes, topónimos e apelidos: camiños de ida e volta", *Guavira Letras*. Universidade Federal de Mato Grosso do Sul, n. 25, 34-49. <http://websensors.net.br/seer/index.php/guavira/article/view/480>
- Navaza, Gonzalo (2017): "A intervención régia na toponímia galega medieval. os nomes de Afonso IX (1188-1230)", *Guavira Letras*. Universidade Federal de Mato Grosso do Sul 5, 50-78. <http://websensors.net.br/seer/index.php/guavira/article/view/561/438>
- Navaza, Gonzalo (2017): "Apelidos galegos, continuidade e alteración na transmisión", en Boullón Agrelo, Ana Isabel / Luz Méndez (2017): *Estudos de Onomástica Galega II. Os nomes e os apelidos: aspectos legais, sociais e lingüísticos. Xornada de estudo, Pontevedra, 30 de setembro de 2017*. Real Academia Galega, 33-44.
- Palacio Sánchez, Antón (2017): "Antropónimos en topónimos galegos", en Boullón Agrelo, Ana Isabel (ed.): *Estudar toponimia. Aproximacións metodolóxicas e interpretativas*. Anexo 75 de Verba. *Anuario Galego de Filología*. Universidade de Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións, 115-136.

14. EDICIÓN E ELABORACIÓN DOS MATERIAIS GALEGOS DO ALPI (ATLAS LINGÜÍSTICO DE LA PENÍNSULA IBÉRICA)

IP: Xulio Sousa

EQUIPO INVESTIGADOR: Marta Negro Romero, Silvia Bravo Suárez

FINANCIAMENTO: TECANDALI

AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2017

Continuouse o traballo de revisión e corrección dos materiais introducidos na base de datos. Ó mesmo tempo iniciouse a clasificación dos materiais galegos do ALPI para introducilos no programa de análise dialectométrica VDM.

CONTRIBUCIÓNDS DERIVADAS

- Sousa, X. (2017): comunicación “El estudio de la variación lingüística a partir de los atlas lingüísticos tradicionales: el proyecto de edición del Atlas Lingüístico de la Península Ibérica”, X Conferencia Internacional Lingüística, Instituto de Literatura y Lingüística, A Habana, 28/11/2017
- Sousa, X. (2017): comunicación “Measuring language contact in space”, en International Conference on Language Variation in Europe, 9 (ICLaVE 9). Universidad de Málaga, 06/06/2017 a 10/06/2017.

15. GONDOMAR. CORPUS DIXITAL DE TEXTOS GALEGOS DA IDADE MODERNA

IP: Ernesto González Seoane / Rosario Álvarez

EQUIPO INVESTIGADOR: Rosario Álvarez, Sandra Beis Silva, Xosé Antonio Fernández Salgado, Michael J. Ferreira, Juan Jesús Gómez Noya, Domingo González Lopo, Ernesto González Seoane, Rita Marquillas, Gonzalo Navaza Blanco, César Osorio Peláez, José Luis Rodríguez Gómez, Concepción Varela Orol, Florentina Xoubanova Montero, Xosé Xove Ferreiro

FINANCIAMENTO: Secretaría de Estado de Investigación, Desarrollo e Innovación (Ministerio de Economía y Competitividad, referencia FFI2013-47589-P)

AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2017

Ao longo de 2017 rematouse a execución da versión 1.0 do proxecto, coa posta en rede dos seus resultados. A versión actual incorpora máis de 80 textos, entre os que figurán varios ata o de agora inéditos, como O faraute mandón da Vila de Baiona, o Galanteo de mozo e moza e o Entremés al feliz y real parto de nuestra reina, composto por Salvador Francisco Roel e que constitúe o primeiro impreso en galego publicado como texto independente.

RESULTADOS

- Rosario Álvarez / Ernesto González Seoane (eds.) (2017), *Gondomar. Corpus dixital de textos galegos da Idade Moderna*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <<http://ilg.usc.gal/gondomar/>>.
- Simposio ILG 2017. *Calen barbas, falen cartas. A escrita en galego na Idade Moderna*. Santiago de Compostela, 20-22 de novembro de 2017)

CONTRIBUCIÓNES DERIVADAS

- Rosario Álvarez (2017): "A lingua galega no espello. Edición e estudo de seis vilancicos cantados fóra de Galicia antes de 1650", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 20 (Número especial), 215-229. [<http://dx.doi.org/10.5209/MADR.56219>].
- Rosario Álvarez (2017): "Os textos en lingua galega dos *Ocios poéticos* do Padre Feijoo», en *Calen barbas, falen cartas. A escrita en galego na Idade Moderna*. Universidade de Santiago de Compostela (Santiago de Compostela, 20-22 de novembro de 2017).
